MARCOS VEIGA RODRÍGUEZ - 34899108N

Firmado digitalmente por MARCOS VEIGA RODRÍGUEZ - 34899108N
Fecha: 2026.01.08 15:37:49 +01'00'

10.AAE DOCUMENTACIÓN DEL PROCEDIMIENTO DE EVALUACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉGICA

ÍNDICE

1. MOTIVACIÓN DA INNECESARIEDADE DE APLICACIÓN DO PROCEDIMENTO DE AVALUACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉGICA 1

1.1. INTRODUCCIÓN Y ANTECEDENTES 1

1.2. OBJETIVO 1

1.3. ELECCIÓN DEL PROCEDIMIENTO DE EVALUACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉGICA 2

Para facer constar que mediante acordo de Pleno do 26 de decembro de 2025, aprobouse definitivamente a modificación puntual núm. 18 do PXOM: Retirada do catálogo do elemento D-4 identificado como hórreo en Mera (Documento asinado o 4 de xuño de 2025).

1. MOTIVACIÓN DA INNECESARIEDADE DE APLICACIÓN DO PROCEDIMENTO DE AVALUACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉGICA

1.1. INTRODUCCIÓN Y ANTECEDENTES

O PXOM de Oleiros foi aprobado definitivamente o 11 de decembro de 2014 e publicado no BOP nº 29 do 12 de febreiro de 2015. O Plan Xeral sinalou na zona de Mera entre os elementos do catálogo o elemento D-4 como elemnto etnográfico (hórreo) nunha ubicación na cal non existía elemnto algún merecedor de dita catalogación.

Compróbase no plano de ordenación do PXOM de Oleiros, na súa folla 8, que existe un elemento catalogado, D-4, nas inmediacións da parcela referida polos solicitantes, se ben a súa situación non coincide exactamente coa parcela dos interesados. Sitúase máis ao noroeste, na parcela catastral 3935818NJ5033N. No PXOM de 1995 a imaxe tamén mostra o hórreo na zona noroeste da parcela, fóra dos seus lindes.

Tras terse consultado internamente co organismo sectorial de Patrimonio da Xunta de Galicia, identifican o hórreo obxecto do informe co hórreo catalogado na zona, posto que se ben no PXOM aparece desprazado, no Plan Básico Autonómico aparece no lugar en que se atopa o hórreo obxecto de informe. Así, non ven viable a aplicación dun procedemento de corrección de erros para eliminar do catálogo o hórreo, que remiten en todo caso a unha modificación puntual do PXOM.

Por Decreto 2025000921, de 24 de febreiro, solicitouse á DX de Calidade Ambiental e Cambio Climático, da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, co obxecto de garantir a viabilidade polo trámite simplificado de modificación do PXOM recollido no art. 83.5 LSG, a emisión de informe en atención ao disposto no art. 17 da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia. Este organismo, mediante informe presentado con NRE 2025005314, de 17 de marzo, presentou informe no que conclúe que “non é necesario someter a avaliación ambiental estratéxica a modificación puntual núm.18 do PXOM de Oleiros para descatalogar un hórreo situado en Mera (elemento D-4 do Catálogo).”

1.2. OBJETIVO

O obxecto da modificación puntual núm. 18 do PXOM de Oleiros é a descatalogación do elemento D-4 do catálogo de bens patrimoniais, correspondente a un hórreo situado en Mera (Serantes). Xustifícase pola súa falta de valor cultural, ao tratarse dunha construción recente, sen interese etnográfico nin arquitectónico. A súa inclusión no catálogo responde a un erro de localización. Proponse a súa eliminación mediante o procedemento simplificado previsto no artigo 83.5 da LSG.

Para facer constar que mediante acordo de Pleno do 26 de decembro de 2025, aprobouse definitivamente a modificación puntual núm. 18 do PXOM: Retirada do catálogo do elemento D-4 identificado como hórreo en Mera (Documento asinado o 4 de xuño de 2025).

1.3. ELECCIÓN DEL PROCEDIMIENTO DE EVALUACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉGICA

A descatalogación dun hórreo esixe que por parte do Concello de Oleiros se leve a cabo unha modificación puntual do PXOM, se ben se considera que tería encaixe nas chamadas modificacións non substanciais.

Nestes casos, a tramitación da modificación de planeamento simplifícase en aplicación do art. 83.6.b) LSG, que permite aplicar o procedemento simplificado previsto nos artigos 16 a 18 da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

A tramitación da modificación está exenta de tramitación ambiental sempre que a dita modificación non constitúa unha variación fundamental da estratexia, das directrices e das propostas ou da cronoloxía do planeamento que se vai modificar, e que ademais non produza diferenzas nos efectos previstos ou na súa zona de influencia.

Para garantir que non se producen diferenzas nos efectos previstos ou na súa zona de influencia deberase solicitar un informe ao órgano ambiental da Comunidade Autónoma, quen se deberá pronunciar, no prazo máximo dun mes, sobre a necesidade da tramitación de avaliación ambiental. No caso de que non se emita o informe no devandito prazo, considerarase que non é necesaria a tramitación ambiental. Este informe foi emitido e presentado no Concello de Oleiros polo órgano competente con NRE 2025005314, de 17 de marzo, concluíndo que “non é necesario someter a avaliación ambiental estratéxica a modificación puntual núm.18 do PXOM de Oleiros para descatalogar un hórreo situado en Mera (elemento D-4 do Catálogo).”

Visto el precepto legal transcrito, y considerando que el documento urbanístico cuyo trámite se inicia consiste en el cambio de clasificación de dos parcelas concretas del núcleo de Dexo, se considera que se trata de una modificación menor de planeamiento, resultándole de aplicación los supuestos establecidos en el artículo 6.2.a) anteriormente transcrito, por lo que se sometería al procedimiento simplificado de evaluación ambiental estratégica.

Para facer constar que mediante acordo de Pleno do 26 de decembro de 2025, aprobouse definitivamente a modificación puntual núm. 18 do PXOM: Retirada do catálogo do elemento D-4 identificado como hórreo en Mera (Documento asinado o 4 de xuño de 2025).

2. 2.- INFORME SOBRE A TRAMITACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA DO PROCEDEMENTO SIMPLIFICADO DE MODIFICACIUÓN DE PLANEAMENTO.

Achégase o Informe sobre a tramitación ambiental estratéxica para esta modificación puntual Nº18 do PXOM de Oleiros emitido pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade de Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Para facer constar que mediante acordo de Pleno do 26 de decembro de 2025, aprobouse definitivamente a modificación puntual núm. 18 do PXOM: Retirada do catálogo do elemento D-4 identificado como hórreo en Mera (Documento asinado o 4 de xuño de 2025).

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

INFORME SOBRE A TRAMITACIÓN AMBIENTAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM.18 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE OLEIROS

Promotor e órgano substantivo: Concello de Oleiros
Expediente: 2025AAE2979

ANTECEDENTES

1. O Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) vixente no concello de Oleiros aprobouse definitivamente o 11.12.2014. Mediante resolución do 23.3.2007, a anterior Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible declarou a inviabilidade de someter o PXOM a avaliación ambiental estratéxica.

2. O 25.2.2025 recibimos na Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade un escrito do Concello de Oleiros no que, en relación á modificación puntual núm.18 do PXOM para retirar do Catálogo un hórreo situado en Mera (elemento D-4), solicita informe co obxecto de garantir a viabilidade da tramitación simplificada recollida no artigo 83.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Achega un informe arqueolóxico presentado polos interesados (asinado o 14.8.2024 por Andrés Bonilla Rodríguez, arqueólogo de *PyA Arqueólogos*), un informe técnico-xurídico municipal emitido o 21.2.2025 e un Decreto da alcaldía do 24.2.2025.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, no artigo 83.5 (na súa redacción dada pola Lei 5/2024, do 27 decembro, de medidas fiscais e administrativas) dispón que as modificacións do planeamento urbanístico poderán ser substanciais e non substanciais, e determina os requisitos que deben cumprir as modificacións para consideralas non substanciais. No punto 6 do mesmo artigo 83, indica que as modificacións non substanciais tramitaranse mediante o procedemento simplificado previsto nos artigos 16 a 18 da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

2. A Lei 1/2019, do 22 de abril, sinala no artigo 17 que a tramitación das modificacións puntuais non substanciais estará exenta da tramitación ambiental sempre que a dita modificación non constitúa unha variación fundamental da estratexia, das directrices e das propostas ou da cronoloxía do plan que se vai modificar, e que ademais non produza diferenzas nos efectos previstos ou na súa zona de influencia. Para garantir que non se producen diferenzas nos efectos previstos ou na súa zona de influencia deberase solicitar un informe ao órgano ambiental da Comunidade Autónoma.

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO
San Lázaro s/n, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 957 672
estratexica.medioambiente@xunta.gal

CVE: TB1Ocjw4ctD3
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Para facer constar que mediante acordo de Pleno do 26 de decembro de 2025, aprobouse definitivamente a modificación puntual núm. 18 do PXOM: Retirada do catálogo do elemento D-4 identificado como hórreo en Mera (Documento asinado o 4 de xuño de 2025).

3. A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, segundo o Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Proposta de planeamento

A modificación puntual núm.18 do PXOM de Oleiros ten por obxecto retirar do Catálogo o elemento D-4, identificado como "Hórreo en Mera-Maianca". O hórreo en cuestión localízase na parcela catastral 3935823NJ5033N0001UU, na rúa das Escolas nº 2, en Mera.

2. Incidencia ambiental

Visto o obxecto e alcance da modificación puntual proposta, pódese afirmar que non constitúe unha variación fundamental da estratexia, das directrices, das propostas nin da cronoloxía do PXOM.

O informe arqueolóxico achegado acredita que o hórreo é unha construción contemporánea, erixida nos anos setenta do século pasado con materiais prefabricados de formigón e armadura interna metálica, carecendo das características propias dos bens tradicionais protexidos pola normativa vixente.

O informe municipal técnico-xurídico sinala que a descatalogación do dito hórreo *permite axustar o catálogo urbanístico á realidade patrimonial do municipio, garantindo unha xestión eficiente dos bens culturais e aplicando criterios de racionalidade e proporcionalidade na súa conservación.*

En consecuencia, pódese concluír que a modificación puntual do PXOM non producirá diferenzas significativas nos efectos ambientais previstos nin na súa zona de influencia.

Tendo en conta o anterior, INFORMO:

Que non é necesario someter a avaliación ambiental estratéxica a modificación puntual núm.18 do PXOM de Oleiros para descatalogar un hórreo situado en Mera (elemento D-4 do Catálogo).

María José Echevarría Moreno
Directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

Asinado por: ECHEVARRIA MORENO, MARIA JOSE
Cargo: Director/a Xeral
Data e hora: 17/03/2025 12:08:41

CSV: TB1-Ux3tu-ETc03
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Para facer constar que mediante acordo de Pleno do 26 de decembro de 2025, aprobouse definitivamente a modificación puntual núm. 18 do PXOM: Retirada do catálogo do elemento D-4 identificado como hórreo en Mera (Documento asinado o 4 de xuño de 2025).

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO
San Lázaro s/n, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 957 672
estratexica.medioambiente@xunta.gal

A Coruña, xuño de 2025.

Asdo.: Alfredo Olañeta Rebolleda

Asdo.: Silvia Legaspi Grueiro

Para facer constar que mediante acordo de Pleno do 26 de decembro de 2025, aprobouse definitivamente a modificación puntual núm. 18 do PXOM: Retirada do catálogo do elemento D-4 identificado como hórreo en Mera (Documento asinado o 4 de xuño de 2025).